



A EUROPA DE ENTREGUERRAS

Historia do Mundo Contemporáneo

1º Bac.

IES Fontexería

1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

- A crise das democracias (Doc.1) foi resultado dunha dobre ameaza:
 - **Organizacións de dereitas** (conservadoras, antidemocráticas e nacionalistas) e **fascistas** (ideoloxías totalitarias e ultranacionalistas: extrema dereita).
 - **Comunismo soviético**: ditadura en Rusia desde 1917, actuación a través da **Komintern** (Internacional Comunista) para estender a revolución a outros países.
- Extremismos reforzados por:
 - Dificultades internas dos países como consecuencia da I Guerra Mundial
 - Grave depresión económica na década de 1930




1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS



1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.1 O CONTEXTO DA CRISE DAS DEMOCRACIAS

- Tras a IGM: consolidación da democracia en Europa Occidental e nórdica, e expansión polos novos estados do centro e o leste:
 - Xeralización da **democracia parlamentaria e pluripartidista** (Europa en 1920: 28 estados, todos democracias ou sistemas parlamentarios excepto Rusia e Hungría)
 - Ampliación dos **dereitos individuais** e extensión do **sufrexio universal masculino** (e, en ocasións, do feminino).



1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.1 O CONTEXTO DA CRISE DAS DEMOCRACIAS

- **Aparente triunfo da democracia, PERO** os governos democráticos non son quen de resolver os graves problemas políticos, sociais e económicos da Europa de entreguerras.
- Por iso, **ampos sectores da poboación** empezan a considerar a democracia como algo caduco e incapaz de facer fronte aos problemas da posguerra, e defenden a **necesidade de Estados fortes e autoritarios**.



1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.1 O CONTEXTO DA CRISE DAS DEMOCRACIAS

- Nun primeiro momento, a xustificación de buscar gobernos autoritarios é a necesidade de **evitar un contaxio revolucionario** tras a implantación en Rusia dun réxime comunista, e estalidos de revolucións comunistas en Hungría e Baviera, Alemaña, ademais da onda de folgas e reivindicacións obreiras en todo o occidente europeo (1919-1920)



1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.1 O CONTEXTO DA CRISE DAS DEMOCRACIAS

- Posteriormente, a crise económica de 1930 provoca unha convulsión xeral.
 - Terribles efectos (aumento do paro e a conflictividade) levan á **desconfianza** da poboación respecto dos seus gobernantes, e á **radicalización** das posturas políticas.
 - **Cuestionamento dos principios liberais**, e grave **retroceso político e cultural dos valores democráticos**.
 - Burguesía e clases medias: esperan que un Estado forte imponha **disciplina e cohesión nacional**
 - Clases baixas: ven a **revolución** como saída aos seus problemas.



1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.1 O CONTEXTO DA CRISE DAS DEMOCRACIAS

- Xustificándose na necesidade de frear a revolución, o **fascismo e o nazismo** defenderon un nacionalismo exaltado e agresivo, co totalitarismo e o partido único como solucións.
- Deste xeito conseguiron o **apoio dos sectores sociais máis temerosos ante a revolución. (Doc.3)**



1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.2 O TRIUNFO DAS DITADURAS


- Neste contexto, a **democracia só sobrevivirá nos países nos que estivera máis asentada**, con institucións parlamentarias sólidas, onde a depresión económica non quebrou a vida democrática nin houbo grandes ondas de crispación social: Francia, Reino Unido, Bélxica, Países Baixos, Dinamarca, Noruega, Suecia, Finlandia...
- Nestes países naceron organizacións e partidos fascistas, pero apenas ameazaron a estabilidade política.



Partido Rexista, Bélxica




Unión de Fascistas Británicos



Cruces de Fogo, Francia

k photo




1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.2 O TRIUNFO DAS DITADURAS

- Nas nacións de longa tradición democrática, o **capitalismo reformouse** e incrementouse o papel económico do Estado. Ademais, integráronse os **partidos socialistas** no xogo parlamentario.

Desempleo con y sin subsidio de desempleo en Reino Unido 1921-1931



1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

1.2 O TRIUNFO DAS DITADURAS

- No resto de Europa, desde comezos da década dos 30, a crise económica e a inestabilidade das democracias coincidiu co **éxito do partido nazi** en Alemaña, que levou a Hitler ao poder en 1933, e lle dou un novo **impulso aos movementos fascistas**.
- Nos países da Europa central, oriental, balcánica e mediterránea, con escasa tradición democrática, o sistema parlamentario fracasou e impuxéronse **ditaduras nacionalistas radicais de dereitas** entre 1922 e 1939.





1. DEMOCRACIAS E DITADURAS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS



1.2 O TRIUNFO DAS DITADURAS

- En **1939**, a maioría dos sistemas políticos en Europa eran **autoritarios**, e a forma máis común eran as ditaduras de dereitas.
- En Austria, España, Hungría e Romanía as organizacións fascistas chegaron a ter un papel importante.
- Só en **Italia en 1922** e en **Alemaña en 1933** se impuxeron no poder ditaduras plenamente fascistas.



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

- Nas décadas de **1920 e 1930** eclosiona en Europa unha **nova forma de organización política: o fascismo**.
- En varios países de Europa déronse movementos deste tipo.
- **Características:**
 - Rexeitamento ao sistema parlamentario liberal
 - Odio ao comunismo
 - Acusado ultranacionalismo: mito da nación e da raza
 - Culto á violencia
 - Mobilización das masas: dirixente carismático



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

1. Defende un **Estado totalitario**, capaz de controlar todas as esferas da vida (política, economía, sociedade...).
- Primacía do Estado sobre o individuo
 - Nega os principios do liberalismo (igualdade dos cidadáns, dereitos individuais e separación de poderes)
 - [Texto Bernstein](#)
 - [Texto: Antiparlamentarismo](#)
 - Doc.5 (Mussolini, 1932)





2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

2. Apoiaaba un **sistema político ditatorial de partido único.**

- Principio de liderado: o poder debe recaer nun xefe dotado dun poder carismático, capaz de crear unha vontade xeral.
- Moldeado da sociedade sobre os principios da xerarquía, a orde, a obediencia e a autoridade indiscutible dun home excepcional.
- Culto á personalidade do dirixente.
- [Discurso Mussolini: declaración de guerra](#)
- [Texto: culto ao Duce](#)
- [Texto: utilización do parlamento, Goebbles](#)

2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

3. Radical anticomunismo e anticapitalismo.

- O fascismo formula unha “**terceira vía**” alternativa ao socialismo marxista e ao capitalismo.
- Defende a creación dun “**socialismo nacional**” capaz de acabar co conflito de clases
- Pretende **atraer tanto ás clases medias**, ameazadas polo proceso de concentración capitalista, **como aos obreiros**, oprimidos polo medo ao desemprego e a miseria.
- [Discurso Hitler](#)



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

4. Nacionalismo agresivo, expansionista e militarista, que esixe unha nova posición para a súa nación no mundo.

- Orientación dos fascismos cara a guerra.
- [Texto Sforza](#)
- [Texto: Imperialismo italiano](#)



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

5. **Racismo:** consideración dos non brancos como inferiores.

- Nazismo: racismo e antisemitismo como doutrina central do movemento, elementos aglutinadores da unidade nacional, baseada na superioridade da raza aria, que tiña o dereito de subxugar ás razas “inferiores”
- [Texto](#)
- Doc. 7 Rosenberg (p.227)



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

6. **Exaltación dos elementos irracionais da conduta** (fanatismo, intolerancia, obediencia cega): rexeita os principios da sociedade e cultura occidentais (racionalismo, materialismo, igualitarismo).




2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

7. Defende a **violencia** fronte aos oponentes políticos.

- Violencia como un valor positivo, e incluso terapéutico.
- [Texto Mussolini](#)
- [Texto Matteotti](#)



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

8. Os partidos fascistas pretendían **mobilizar ás masas** e encadralas no seo do partido e sindicato únicos, e nas súas milicias ou organizacións paramilitares.

- As **milicias do partido** outorgáronlles unha especial importancia aos símbolos, mitins, desfiles e ritos cerimoniais.
- [Vídeo: Desfile Nuremberg](#)
- [Texto: Xuventude](#)






2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.1 A IDEOLOXÍA FASCISTA: CARACTERÍSTICAS

9. **Exaltación dos principios masculinos:** a muller queda relegada á crianza dos fillos e as labores do fogar. Todas as forzas políticas do fascismo estiveron compostas e dirixidas por homes.



- [Guía de la buena esposa 1953](#)
- [Documental: Programa Lebensborn: as garderías nazis](#)
- Doc.6 (p.227)



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.2 AS BASES SOCIAIS DO FASCISMO

- Os partidos fascistas nunca lograron un completo apoio popular.
 - Base social: minúscula ao principio, pero vaise incrementando pouco a pouco nalgúns países ata alcanzar unha gran forza (Italia e Alemaña).



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.2 AS BASES SOCIAIS DO FASCISMO

- Primeiros seguidores: **sectores sociais desarraigados**
 - Oficiais e combatentes desmobilizados tras a IGM, cunha adaptación á vida da posguerra moi difícil.
 - Mozos activistas e románticos, impresionados pola guerra e frustrados pola “ineficacia” do sistema liberal.



2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.2 AS BASES SOCIAIS DO FASCISMO

- Posteriormente:
 - Apoio das **clases medias** (urbanas e rurais), afectadas pola crise económica e temerosos da expansión comunista.
 - Importantes **sectores da clase obreira**: moitos procedentes dos partidos radicais de esquerda, atraídos pola mensaxe extremista e violenta do fascismo.




2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO

2.2 AS BASES SOCIAIS DO FASCISMO

- Apoio fundamental para a consolidación do fascismo: grandes empresarios e terratenentes.
 - **Ao principio: financiaron** as organizacións fascistas para utilízalas como forzas de choque fronte aos socialistas e comunistas (exercer a violencia)
 - **Máis tarde:** apoiáronos para establecer un **poder executivo forte** que reorganizara e controlara a economía, para superar a crise e deter a axitación obreira.
 - Cando os movementos **fascistas eliminaron** do seu programa o discurso **revolucionario e anticapitalista: apoio total.**
 - [Texto Krupp](#)



Firma del concordato alemán en 1933, en Roma
En medio: el Cardenal Secretario de Estado, Pacelli. A la izquierda: el Vicecanciller von Papen. A la derecha: el Presidente del Consejo de Ministros, Buttman





2. IDEOLOXÍA E BASES SOCIAIS DO FASCISMO



2.2 AS BASES SOCIAIS DO FASCISMO

- A toma do poder polo fascismo e o nazismo non se pode explicar sen o **apoio** que recibiu das propias institucións do **Estado liberal**:
 - **O exército e a policía** toleraron a violencia que os fascistas utilizaban para atemorizar aos seus inimigos e conquistar o poder, e mesmo participaron nela
 - [Texto: Albert Einstein](#)



3. A ITALIA FASCISTA


3.1 A CRISE DO RÉXIME LIBERAL ITALIANO

- Final da guerra en Italia: graves problemas económicos e sociais:
 - **Desmobilización** dos soldados: elévase ata os 2 millóns o número de **parados**
 - **Inflación disparada**: o custo da vida en 1919 era catro veces superior ao de 1913


Italia en la postguerra

- **Crisis económica** → tensión social: huelgas y ocupación de tierras: Temor de la burguesía, que pide un gobierno autoritario y represor. Inflación
Desocupación

Evolución de los precios



Evolución del Paro



3. A ITALIA FASCISTA




3.1 A CRISE DO RÉXIME LIBERAL ITALIANO

- Onda de **folgas obreiras** para lograr o aumento dos salarios e a xornada de 8 horas, e revoltas das **ligas de campesiños pobres** (esixen división de latifundios e reparto de terras)
- **1919-1920 (Bienio Rosso):** ocupacións de fábricas e terras de carácter revolucionario. Isto atemoriza a empresarios, terratenentes e amplos sectores das clases medias (ameaza de revolución bolxevique)
- As mobilizacións **fracasan** (división entre socialistas reformistas e revolucionarios)
- [Texto Malatesta](#)

La desigual riqueza de Italia

PIB per cápita en las regiones de Italia (en porcentaje, EU-28=100)*




* PIB per cápita en paridad de poder adquisitivo en relación a la media europea de 2015.



3. A ITALIA FASCISTA

3.1 A CRISE DO RÉXIME LIBERAL ITALIANO

- Ademais da crise social: **crise política**, acrescentada pola guerra.
 - Crise da monarquía liberal e parlamentaria, e dos **partidos tradicionais** (conservadores e liberais).
 - Sufraxio universal masculino en 1913: **forte crecemento dos partidos de masas** (Partido Socialista, e Partido Popular, católico).
 - Partidos liberais perden apoio: alíanse cos populares, e cos nacionalistas e os fascistas, fronte ao inimigo común, os socialistas, excluídos do goberno.



3. A ITALIA FASCISTA

3.1 A CRISE DO RÉXIME LIBERAL ITALIANO


- O Partido Socialista Italiano (PSI) non consegue unir ás masas obreiras pola **continua fricción entre *reformistas*** (partidarios de colaborar coa esquerda liberal no Parlamento) e os ***maximalistas*** (defendían a revolución).
- A fenda ábrese polo fracaso do movemento revolucionario de 1920, e en **1921** a corrente maximalista funda o **Partido Comunista de Italia (PCI)** (Antonio Gramsci).



3. A ITALIA FASCISTA

3.1 A CRISE DO RÉXIME LIBERAL ITALIANO

- Ademais da crise social e política: **frustración polos resultados da IGM**, na que Italia loitara do lado dos aliados, que non cumpriron as súas promesas.
- **Indignación dos nacionalistas**: fixan como obxectivo das súas aspiracións a **reivindicación do territorio de Fiume (Rixeka)**.
 - O poeta Gabriele D'Annunzio, cun grupo de excombatentes (arditi) e algunhas unidades amotinadas do exército, ocuparon esa cidade, pero o goberno obrigoulles a evacuala.



3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO


- Fundador: **Benito Mussolini**. Pasou de encabezar a ala radical do PSI a se converter en nacionalista extremo e director do xornal *Il Popolo d'Italia*, desde o que esixía unha agresiva política exterior e unha dura política anticomunista dentro de Italia.



3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO

- En 1919, Mussolini funda en Milán os **Fascios Italianos de Combate** (*Fasci Italiani di Combattimento*), un grupo paramilitar de carácter ultranacionalista no que os seus membros de identificaban pola camisa negra e un gorro militar.



3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO

- O núcleo principal dos Fascios estivo composto por xente moi variada: antigos anarquistas e sindicalistas revolucionarios, socialistas ligados a Mussolini e partidarios da intervención de Italia na guerra, ultradereitistas, nacionalistas e excombatentes das tropas de asalto (*arditi*).
- Defensores acérrimos das **reivindicacións nacionalistas** dentro dun **programa socialista revolucionario**. (Doc.10)
- Texto: [programa](#)

FASCI ITALIANI DI COMBATTIMENTO - Comitato Centrale MILANO - Via Paolo da Cannobbio, 37 - Telefono 7156

Italiani!

È ora il programma nazionale di un movimento veramente italiano. Rivoluzionario, perché antidemocratico e antidemagogico; fortemente innovatore perché antiparlamentare. Nel problema della valorizzazione della guerra rivoluzionaria al di sopra di tutte e di tutti. Gli altri problemi: burocratico, amministrativo, giuridici, scolastici, coloniali, ecc. li tratteremo quando avremo creato la classe dirigente.

Per questo NOI VOGLIAMO:

Per il problema politico

- Suffragio universale a scrutinio di lista regionale, con rappresentanza proporzionale, voto ed eleggibilità per le donne.
- Il minimo di età per gli elettori abbassato ai 18 anni; quello per i deputati abbassato ai 25 anni.
- L'abolizione del Senato.
- La convocazione di una Assemblea Nazionale per la durata di tre anni, il cui primo compito sia quello di stabilire la forma di costituzione dello Stato.
- La formazione di Consigli Nazionali tecnici del lavoro, dell'industria, dei trasporti, dell'igiene sociale, delle comunicazioni ecc., eletti dalle corporazioni professionali o di mestiere, con poteri legislativi, e col diritto di eleggere un Consiglio Centrale con poteri di Ministero.

Per il problema sociale:

NOI VOGLIAMO:

- La sollecita promulgazione di una legge dello Stato che sancisca per tutti i lavoratori la giornata legale di otto ore di lavoro.
- Il minimo di paga.
- La partecipazione dei rappresentanti dei lavoratori al funzionamento tecnico dell'industria.
- L'affiliazione alle stesse organizzazioni proletarie (che ne siano degne) meritevoli e incoraggiati della gestione di industrie o servizi pubblici.
- La rapida e completa automazione dei ferrovieri e di tutte le industrie di trasporto.
- Una necessaria modificazione del progetto di legge di assicurazione sull'invalidità e sulla vecchiaia, abbassando il limite di età proposto attualmente a 60 anni, a 55 anni.

Per il problema militare:

NOI VOGLIAMO:

- L'istituzione di una milizia Nazionale, con brevi periodi d'istruzione e compiti esclusivamente difensivi.
- La nazionalizzazione di tutte le Fabbriche di Armi e di esplosivi.
- Una politica estera nazionale intesa a valorizzare tutte le competizioni pacifiche della civiltà, le risorse italiane nel mondo.

Per il problema finanziario:


NOI VOGLIAMO:

- Una forte imposta straordinaria sul capitale a carattere progressivo, che abbia la forma di vera **ESPROPRIAZIONE PARZIALE** di tutte le ricchezze.
- Il sequestro di tutti i beni delle Congregazioni religiose e l'abolizione di tutte le nuove Votazioni, che costituiscono una enorme passività per la Nazione, e un pericolo di povertà.
- La revisione di tutti i contratti di forniture di guerra, ed il sequestro dell'80% del profitto di guerra.

3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO

- Primeiras acci3ns violentas polos **escuadristas***: destruci3n das oficinas do diario socialista *Avanti*, por difundir sentimentos antinacionalistas, en 1919.



3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO


- 1919-1920: movimento fascista aínda moi minoritario.
- Crecente desconfianza dos italianos respecto ao réxime parlamentario: **o fascismo aumenta os seus apoios sociais:**
 - Parte das clases medias
 - Empresarios da gran patronal italiana (Confindustria)
 - Terratenentes e propietarios campesiños
 - Sectores do exército e da policía
- Todos os anteriores ven no fascismo un instrumento de “orde” para poñer fin aos conflitos sociais e ao socialismo revolucionario.



3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO

- Para consolidar estes apoios, **Mussolini cambiou de táctica:**
 - Abandonou a tendencia revolucionaria e preparou o fascismo para a loita parlamentaria. En **1921** transforma os fascios no **Partido Nacional Fascista**.
 - Por outra banda, converteu o fascismo nun **violento movemento de represión das organizacións obreiras e campesiñas**. Organizou escuadras de combate que atacaban as sedes dos partidos de esquerda, sindicatos e cooperativas.
- A violencia irrefreable e o desprazamento á dereita foron os instrumentos de Mussolini para alcanzar o poder. (Doc.11)



3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO

- **Agosto 1922:** os **socialistas** promoven unha **folga xeral** contra a violencia fascista. A folga fracasa e favorece a Mussolini (amenaza socialista acabada): vía aberta cara o poder.
- **Outubro 1922:** unha reunión do mando fascista en Nápoles decide a **MARCHA SOBRE ROMA** dos escuadristas para esixir un goberno cun mínimo de 6 ministros fascistas.



3. A ITALIA FASCISTA

3.2 A MARCHA AO PODER DO FASCISMO


- Os fascistas non chegarían ao poder sen a conivencia das forzas do Estado (exército, parte dos políticos...).
- Responsabilidade directa: **rei Vítor Manuel III**. Negouse a sancionar (confirmar) o estado de sitio presentado polo seu primeiro ministro, que frearía a insurrección fascista.
- O **29 de outubro** o rei envioulle un telegrama a Mussolini **solicitándolle que formase goberno**.
- [Vídeo: das orixes de Mussolini á marcha sobre Roma](#)




3. A ITALIA FASCISTA

3.3 A ETAPA PARLAMENTARIA (1922-1925)

- Ao principio Mussolini (primeiro ministro) mostrou un certo respecto cara o réxime liberal.
- Organizou un **gobierno de coalición** (fascistas, liberáis, conservadores e populares) e conseguiu do Parlamento poderes extraordinarios.
- Nova lei electoral: fascistas e partidos do goberno acadan nas **eleccións de 1924** o 64% dos votos, e 404 escaños de 535 que compoñían a cámara.



Eleccións 1921




Eleccións 1924

3. A ITALIA FASCISTA

3.3 A ETAPA PARLAMENTARIA (1922-1925)


- Crise máis grave desta etapa: **asesinato do deputado e dirixente socialista Matteotti** a mans de bandas fascistas.
 - Matteotti reclamara a nulidade das eleccións (uso da violencia e a intimidación polo fascismo).
- Mussolini acelerou a implantación da ditadura: impedirilles pola forza aos socialistas que ocupasen os seus escaños no Parlamento.
- [Película: Il delitto Matteotti \(Vittorio Sica, 1973\)](#): minuto 3



3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

- Desde 1925-26 Mussolini, sen ningunha oposición, desenvolveu as “**leis fascistísimas**”, con medidas diversas:
 - Creación dun **tribunal de delitos políticos**
 - Nova policía política secreta, **OVRA** (Organización de Vixilancia e Represión do Antifascismo)
 - **Eliminación** dos demais **partidos políticos** e **sindicatos** obreiros
 - **Censura** de prensa
- **Poderes de Mussolini ilimitados**, só era responsable ante o rei. **Doc.13**



3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

- Fascistización do Estado: **réxime totalitario de partido único**, o Partido Nacional Fascista. Pero o partido: órgano burocrático (propaganda e control ideolóxico das masas).
- Poder real: **Mussolini**, o *Duce*, asistido polo **Gran Consello Fascista**.
- Proceso completado en 1938: abolición da Cámara de Deputados e substitución pola **Cámara dos Fascios e as Corporacións**.



3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

- **Pactos de Letrán (1929)** coa Igrexa católica: consolidación do réxime.
 - Nace oficialmente o Estado Vaticano.
 - Matrimonio eclesiástico e catolicismo como única relixión do Estado
 - Ensino da relixión obrigatoriamente nas escolas.
 - A Santa Sé recoñece a Italia fascista e a capitalidade de Roma.
- [Vídeo: Pacto de Letrán](#)




3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

ADOUTRINAMENTO E CONTROL SOCIAL

- O Estado fascista aspirou a **controlar a forma de pensar e as actividades** da poboación, sobre todo da xente nova.
 - Importancia da **educación**: mestres obrigados a traballar vestidos coa camisa negra, profesores universitarios debían xurarlle fidelidade ao réxime.
 - Rapaces entre os 4 e os 18 anos debían formar parte das **organizacións xuvenís controladas polo partido** (Obra Nacional Balilla): formar o “italiano novo” nas virtudes militares da disciplina e a obediencia.





3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

ADOUTRINAMENTO E CONTROL SOCIAL

- **Control total sobre a cultura e os medios de comunicación** (prensa, radio, cine): Ministerio de Propaganda e o de Cultura Popular. **Doc.15**
- En teoría, o réxime fascista animou ás **mulleres** a saír do ámbito doméstico, pero a lexislación laboral penalizounas no aspecto salarial, e a política natalista reforzou o seu papel de esposa e nai.



3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

CORPORATIVISMO E DIRIXISMO ECONÓMICO

- **Sistema corporativista:** organizar a economía e controlar as organizacións sociais (sindicatos e patronal) baixo o principio da colaboración de clases.
 - Fachada: control dos grupos a través do ministerio e o Consello Nacional de Corporacións.
 - Leis laborais: **Carta do Traballo 1927**: só permite sindicatos fascistas, declara a folga ilegal.
- [Texto Mussolini: Estado corporativo](#)
- [Texto Mussolini: Consello Nacional Corporacións](#)




3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

CORPORATIVISMO E DIRIXISMO ECONÓMICO

- Ao principio: **política económica liberal** (favorable ás grandes empresas)
- Desde **1925: política intervencionista**. Gran exhibición propagandística: iniciativas presentadas como “batallas”: a do trigo, a revalorización da lira (reducir os salarios un 20%), poñer en produción zonas pantanosas do val do Po...



3. A ITALIA FASCISTA

3.4 A DITADURA FASCISTA

CORPORATIVISMO E DIRIXISMO ECONÓMICO

- Tras a **crise de 1929**: aumenta a intervención do Estado na economía, e óptase pola **autarquía**.
 - Concentración industrial: Instituto Italiano para a Reconstrución Industrial (IRI), 1933, para canalizar os investimentos do Estado cara industrias de valor estratéxico.
 - [Vídeo: Economía Italia fascista](#)
- A partir de 1936: auténtica **economía de guerra**.

